

PURA *IDENTIDADE*

PURA *IDENTIDAD*

CONCELLO DE POIO

*Guía turística para coñecer o
mellor do noso municipio*



● LUGARES DE INTERESE / LUGARES DE INTERÉS


- 1 - Información Turismo - Casal de Ferreirós
- 2 - Información Turismo - Combarro
- 3 - Ruta Muíños da Freixa
- 4 - Bosque de Sequoias
- 5 - Ruta Muíños de Samieira
- 6 - Illa de Tambo
- 7 - Casa-Museo Colón
- 8 - Quinta Besada
- 9 - Mosteiro de Poio
- 10 - Parque da Memoria
- 11 - Conxunto histórico artístico de Combarro
- 12 - Centro de interpretación arqueolóxica
- 13 - Parque arqueolóxico da Caeira
- 14 - Paseo marítimo de Lourido
- 15 - Senda da Ostreira

● PRAIAS / PLAYAS

- 16 - de Lourido
- 17 - de Cabeceira
- 18 - de Campelo
- 19 - da Pinela
- 20 - da Canteira
- 21 - de Chancelas pequena
- 22 - de Chancelas
- 23 - de Ouriceira
- 24 - de Coveló
- 25 - do Caeiro
- 26 - de Laño
- 27 - Fonte maior
- 28 - de Sinás
- 29 - de Raxo
- 30 - de Xiorto
- 31 - Area da illa

● MIRADOIROS / MIRADORES

- 32 - da Caeira
- 33 - de Cabeceira
- 34 - de Monte Castrove
- 35 - Cuna da Moura
- 36 - Fonte de Armadiña
- 37 - do Loureiro
- 38 - do Campanario
- 39 - da Tartaruga
- 40 - do Laño
- 41 - de Samieira
- 42 - Natural de Pedra Cabalar
- 43 - Xaime Illa



Sanxenxo
O Grove

PO-308

Meaño
Cambados

PO-303

Meaño

Samieira

Combarro

San Xoán

San Salvador

Pontevedra

Marín

Ría de
Pontevedra



CONCELLO
DE POIO

Meis

Vilagarcía

PO-531

Santiago
A Coruña

AP-9

Vigo
Portugal

AP-9

ÍNDICE

Marca de identidade: Rías Baixas.
Un municipio nunha paisaxe de ría.
Mosteiro de Poio, un auténtico complexo monumental.
Combarro, un conxunto histórico singular.
Área arqueolóxica da Caeira e Centro de Interpretación Arqueolóxica.
Unha vintena de praias.
Casa-Museo de Colón.
Un conxunto patrimonial na Quinta Besada.
Parque da Memoria.
Támbo é unha illa.
Entre ríos e muíños.
Espazos naturais e áreas recreativas.
Festas populares e gastronómicas.

Marca de identidad: Rías Baixas.
Un municipio en un pasiaje de ría.
Monasterio de Poio, un auténtico complejo monumental.
Combarro, un conjunto histórico singular.
Área arqueológica de A Caeira y Centro de Interpretación Arqueológica.
Una veintena de playas.
Casa-Museo de Colón.
Un conjunto patrimonial en la Quinta Besada.
Parque de la Memoria.
Tambo es una isla.
Entre ríos y molinos.
Espacios naturales y áreas recreativas.
Fiestas populares y gastronómicas.

Edición:

Concello de Poio

Concellería de Turismo

Coordinación editorial, diseño gráfico e maquetación:

Era Comunicación

Fotografía:

Punctum Fotografía

Depósito legal:

DL PO 407-2018

MARCA DE IDENTIDADE: *RÍAS BAIXAS*

Poio está situado na beira norte da ría de Pontevedra, un val fluvial afundido no mar. A paisaxe de Poio forma un balcón privilexiado da ría ao longo da ladeira do monte Castrove. Está formado por bosques na súa parte máis alta, unha pequena faixa agraria e a parte litoral, que é onde se concentra a maioría da poboación, a actividade social e de lecer. Con case 17.000 habitantes, Poio linda cos municipios de Pontevedra e Sanxenxo, e está próximo á comarca do Salnés. Para coñecelo mellor cómpre saber que se divide en cinco parroquias, cada unha coa súa propia zona urbana e a súa referencia mariñeira na costa: San Xoán, que ostenta a capitalidade; Combarro, coa súa vila mariñeira tradicional; Raxó, cunha emblemática praia no corazón da vila; San Salvador, na desembocadura do río Lérez, e Samieira, que destaca pola paisaxe rural e a gran praia do Laño.

Marca de identidade: *Rías Baixas*

Poio está situado en la orilla norte de la ría de Pontevedra, un valle fluvial hundido en el mar. El paisaje de Poio forma un balcón privilegiado de la ría a lo largo de la ladera del monte Castrove. Está formado por bosques en su parte más alta, una pequeña franja agraria y el litoral, que es donde se concentra la mayoría de la población, la actividad social y de ocio.

Con casi 17.000 habitantes, Poio limita con los municipios de Pontevedra y Sanxenxo, y está próximo a la comarca del Salnés. Para conocerlo mejor es preciso saber que se divide en cinco parroquias, cada una con su propia zona urbana y su referencia marinera en la costa: San Xoán, que ostenta la capitalidad; Combarro, con su villa marinera tradicional; Raxó, con una emblemática playa en el corazón del pueblo; San Salvador, en la desembocadura del río Lérez, y Samieira, destaca por su paisaje rural y su gran playa de O Laño.





UN MUNICIPIO NUNHA *PAISAXE DE RÍA*

Situado no vértice da ría de Pontevedra, o municipio de Poio goza de todas as vantaxes de pertencer ás Rías Baixas. Abrangue unha superficie de 33,9 km² e 15,3 km de costa, máis 21 praias e unha illa, a de Tambo. Poio conta ademais con algúns elementos singulares para visitar e gozar dos seus encantos durante unha tempada. É indispensable contemplar o magnífico mosteiro de San Xoán, declarado monumento nacional en 1971, ou a vila mariñeira de Combarro, declarada en 1972 conxunto artístico e pintoresco de carácter nacional.

Ademais da paisaxe, da historia e da cultura, a súa rica e variada gastronomía e uns viños de fama internacional contribúen ao patrimonio turístico das Rías Baixas, que se completa con praias de area branca e tranquilas augas.

Un municipio en un *paisaje de ría*

Situado en el vértice de la Ría de Pontevedra, el municipio de Poio goza de todas las virtudes de pertenecer a las Rías Baixas. Posee una superficie de 33,9 km² y 15,3 km de costa, 21 playas y una isla, la de Tambo. Poio cuenta además con algunos elementos singulares para visitar y disfrutar de sus encantos durante una temporada. Es indispensable contemplar el magnífico monasterio de San Xoán, declarado monumento nacional en 1971, o la villa marinera de Combarro, declarada en 1972 conjunto artístico y pintoresco de carácter nacional.

Además su paisaje, su historia y cultura, su rica y variada gastronomía y unos vinos de renombre internacional contribuyen al patrimonio turístico de las Rías Baixas, que se completa con playas de arena blanca y tranquilas aguas.





MOSTEIRO DE POIO, UN AUTÉNTICO COMPLEXO *MONUMENTAL*

O mosteiro de San Xoán, situado na parroquia do mesmo nome, é un gran complexo monumental de 40 000 m² de superficie que reúne o convento beneditino, con dous claustros, o convento ampliado en 1950, que se dedica a hoxpedaría, a igrexa do mosteiro (1708) e a capela da parte nova. Non se pode esquecer o terreo circundante e o hórreo que o preside, de 33 metros de longo e 51 pés, un dos máis grandes de Galicia.

O mosteiro non dá para unha, senón para varias visitas ou mesmo, grazas á súa hoxpedaría, para unha agradable estancia.

A historia da construción orixinaria remóntase ao século X, aínda que se cre que o mosteiro naceu no século VII para acoller o traslado dunha congregación próxima. A edificación destaca polos seus dous claustros orixinais. Un deles é o das procesións, de 1565 e de corte renacentista.

O seguinte claustro é o das laranxeiras. Data da primeira metade do século XVIII, é amplo e ten un cruceiro no centro do xardín. O das laranxeiras é o lugar máis visitado do conxunto, pois as súas paredes albergan o mosaico monumental do Camiño de Santiago, obra do artista checo Antoine Machourek. O mural, realizado cun millón de teselas de mármore sobre uns 200 m² de superficie, representa o Camiño francés e inclúe figuras e monumentos de Francia e España.

Unha escaleira de honor dálle continuidade á portería de entrada. A construción do século XVIII chama a atención por elevarse sen o apoio de ningunha columna.

A igrexa, coa súa fachada de estilo barroco e o altar maior churrigueresco, é outro dos tesouros deste conxunto.





Monasterio de Poio, un auténtico complejo monumental

El Monasterio de San Xoán, situado en la parroquia del mismo nombre, es un gran complejo monumental de 40.000 m² de superficie que reúne el convento benedictino, con dos claustros, el convento ampliado en 1950, que se dedica a hospedería, la iglesia del Monasterio (1708) y la capilla de su parte nueva. No se puede olvidar la finca circundante y el hórreo

que la preside, de 33 metros de largo y 51 pies, uno de los más grandes de Galicia. El Monasterio no da para una, sino para varias visitas o incluso, gracias a su hospedería, para una agradable estancia.

La historia de la construcción originaria se remonta al siglo X, aunque se cree que este monasterio nació en el siglo VII para acoger el traslado de una congregación cercana. La edificación destaca por sus dos claustros originales. Uno de ellos es el de las procesiones, de 1565, y de corte renacentista.

El siguiente claustro es el de los naranjos. Data de la primera mitad del siglo XVIII, es amplio y tiene un cruceiro en el centro del jardín. El de los naranjos es el lugar más visitado del conjunto, ya que sus paredes albergan el mosaico monumental del Camino de Santiago, obra del artista checo Antoine Machoureck. El mural, realizado con un millón de teselas de mármol sobre unos 200 m² de superficie, representa el Camino francés e incluye figuras y monumentos de Francia y España.

Una escalera de honor da continuidad a la portería de entrada. La construcción del siglo XVIII llama la atención por elevarse sin el apoyo de ninguna columna.

La iglesia, con su fachada de estilo barroco y el altar mayor churrigüesco, es otro de los tesoros de este conjunto.



COMBARRO, UN CONXUNTO *HISTÓRICO SINGULAR*

Combarro é unha parada obrigatoria para quen queira coñecer Poio ou as Rías Baixas. A parroquia mariñeira alberga un conxunto histórico e artístico que comprende todo o núcleo da vila antiga, con importantes exemplos de arquitectura popular galega do século XVIII.

A visita a Combarro comeza na praza da Chousa, un espazo amplo, aberto ao mar, en que conflúen pasado e presente e desde onde se pode escoller entre transitar cara á zona moderna, co porto e o paseo marítimo, ou ben cara ao núcleo histórico e artístico.

Este pequeno pobo de mariñeiros destaca polas súas estreitas rúas, flanqueadas por casiñas tradicionais que dan a sensación de retrocedermos no tempo. O conxunto álzase, na súa maioría, sobre unha gran laxe de granito e, como consecuencia desta adaptación,

semella que as casas están dispostas en terrazas cara ao mar.

Os hórreos son outro dos elementos distintivos de Combarro. Construídos con madeira e pedra, eran edificacións fundamentais para almacenar o cereal. Na primeira liña de costa, varios deles agrúpanse directamente sobre o mar.

Mais Combarro non é só arquitectura, pois conta tamén cun gran número de locais onde disfrutar da gastronomía galega.





Combarro, un conjunto *histórico singular*

Combarro es una parada obligatoria para todo el que quiera conocer Poio o las Rías Baixas. La parroquia marinera alberga un conjunto histórico y artístico que comprende todo el núcleo de la villa antigua, con importantes ejemplos de arquitectura popular gallega del siglo XVIII.

La visita a Combarro se inicia en la praza da Chousa, un espacio amplio, abierto al mar, en el que confluyen pasado y presente y desde donde se puede elegir transitar hacia la zona moderna, con el puerto y su paseo marítimo, o bien hacia el núcleo histórico y artístico. Este pequeño pueblo de marineros destaca por sus estrechas callejuelas, flanqueadas por casitas tradicionales en la que la sensación es la de retroceder en el tiempo. El conjunto se ubica, en su mayoría, sobre una gran losa de granito y, como consecuencia de esta adaptación, parece que las casas estén dispuestas en terrazas cara al mar. Los hórreos son otro de los elementos distintivos de Combarro. Construidos con madera y piedra, eran una edificación fundamental para almacenar el cereal. En primera línea de costa, varios de ellos se agrupan directamente sobre el mar.

Pero Combarro no solo es arquitectura, pues cuenta también con un gran número de locales donde disfrutar de la gastronomía gallega.



ÁREA ARQUEOLÓXICA DA CAEIRA E CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓXICA

A arte rupestre é outra das pegadas singulares da historia de Poio. Para coñecela a fondo hai que visitar o Centro de Interpretación Arqueolóxica da Caeira, situado en San Salvador, e, por suposto, o conxunto de petróglifos da área arqueolóxica que está a uns minutos de distancia.

A área arqueolóxica constitúe un pequeno museo ao aire libre, preparado para que, desde as súas plataformas e cun sinxelo paseo, se poida observar o conxunto de petróglifos descuberto por Ramón Sobrino Buhigas no primeiro terzo do século pasado. Galicia foi tomando consciencia da importancia da súa arte rupestre de xeito paulatino, e boa proba diso é este museo, rodeado de urbanizacións, onde se conserva unha serie de petróglifos (gravados sobre as rochas) que constitúen unha senlleira mostra da cultura prehistórica de Galicia pola súa dimensión e motivos: signos xeométricos circulares, unha extraordinaria representación de cervos e cabalos montados por senllos xinetes, así como unha serie de figuras irregulares, talvez realizadas en momentos históricos diferentes. Todo isto data da Idade do Bronce, entre o 3000 e o 2000 a. C., e é unha mostra da arte dos nosos devanceiros prehistóricos moi presente non só en Poio, senón en toda a comarca de Pontevedra.





Área arqueológica de A Caeira y Centro de Interpretación Arqueológica

El arte rupestre es otra de las huellas singulares de la historia de Poio. Para conocerlo a fondo hay que visitar el Centro de Interpretación Arqueológica de A Caeira, situado en

San Salvador, y, por su puesto, el conjunto de petroglifos del área arqueológica, que se encuentra a unos minutos de distancia. El área arqueológica constituye un pequeño museo al aire libre, preparado para que, desde sus plataformas y con un sencillo paseo, se pueda observar el conjunto de petroglifos descubierto por Ramón Sobrino Buhigas en el primer tercio del siglo pasado.

Galicia fue tomando consciencia de la importancia de su arte rupestre paulatinamente, y buena prueba de ello es este museo, rodeado de urbanizaciones, en donde se conservan una serie de petroglifos (grabados sobre las rocas) que constituyen una destacada muestra de la cultura prehistórica de Galicia por su dimensión y sus motivos: signos geométricos circulares, una extraordinaria representación de ciervos y caballos montados por sendos jinetes, así como una serie de figuras irregulares, quizás realizadas en momentos históricos distintos. Todo ello data de la Edad de Bronce, entre el 3.000 y el 2.000 a. C., y es una muestra del arte de nuestros antepasados prehistóricos muy presente no solo en Poio, sino en toda la comarca de Pontevedra.



UNHA VINTENA *DE PRAIAS*



Entre os municipios costeiros das Rías Baixas, poucos poden presumir de ter un litoral tan fermoso e cheo de sorpresas para os bañistas como o de Poio.

O municipio dispón de 21 praias ao longo dos seus 15 quilómetros de costa: algo máis dunha praia por cada quilómetro de litoral. Hai praias de distintas características e de ambientes variados. Nelas, o factor común é a tranquilidade das súas augas cristalinas e o abrigo que proporciona o feito de estaren situadas no interior da ría.

O Concello de Poio reforza cada ano os servizos e elementos que converteron algúns dos seus areais en auténticos referentes de toda a comarca.

Nas praias de Chancelas (Combarro) ou Raxó congregáanse centos de visitantes que veñen expresamente para gozar dun ambiente tranquilo e familiar. Outras como a de Sinás (Raxó), a do Covelo (Samieira) ou a da Canteira (Combarro) son máis pequenas e acolledoras. Se o que quere é poder pasear pola beira de punta a punta, sen dúbida que o areal



Una veintena *de playas*

Entre los municipios costeros de las Rías Baixas, pocos pueden presumir de tener un litoral tan hermoso y lleno de sorpresas para los bañistas como el de Poio.

El municipio dispone de 21 playas en sus 15 kilómetros de costa: algo más de una playa por cada kilómetro de litoral. Hay playas de distintas características y de ambientes variados. En las que el factor común es la tranquilidad de sus aguas cristalinas y el abrigo que proporciona estar ubicados en el interior de la ría.

El Concello de Poio refuerza cada año los servicios y elementos que han convertido a algunos de sus arenales en auténticos referentes en toda la comarca.

En las playas de Chancelas (Combarro) o Raxó se congregan cientos de visitantes que vienen expresamente a disfrutar de un ambiente tranquilo y familiar. Otras como Sinás (Raxó), la de O Covelo (Samieira) o A Canteira (Combarro) son más pequeñas y acogedoras. Si lo que quiere es poder pasear por la orilla de punta a punta, sin duda el arenal que debe conocer es el de O Laño, en Samieira, mientras que si viaja con niños, o quiere combinar la estancia con otras actividades, disfrutará enormemente de la Playa de Lourido, dotada de espacio verde contiguo y de zonas de recreo.

que debe coñecer é o do Laño, en Samieira, mentres que se viaxa con rapaces ou quere combinar a estadía con outras actividades, disfrutará enormemente da praia de Lourido, dotada de espazo verde contiguo e de zonas de recreo.

CASA-MUSEO DE COLÓN



A tese de que Cristovo Colón era de orixe galega é unha teoría con máis de cen anos de historia e ducias de adeptos.

Celso García de la Riega e outros estudosos e historiadores atoparon diferentes evidencias que vinculan o descubridor de América con Poio no mesmo instante do seu nacemento. A casa en que se cre que viviu a familia do almirante é hoxe un pequeno museo dedicado a albergar todas as probas documentais e publicacións que avalan esta teoría e permiten coñecer infinidade de datos e curiosidades sobre Poio e sobre o papel de Galicia no descubrimento do Novo Mundo.

Casa-Museo de Colón

La tesis de que Cristóbal Colón era de origen gallego es una teoría que suma más de cien años de historia y decenas de adeptos. Celso García de la Riega y otros estudiosos e historiadores han hallado distintas evidencias que unen al descubridor de América con Poio en el mismo instante de su nacimiento. La casa en la que se cree que originariamente vivió la familia del almirante es en la actualidad un pequeño museo dedicado a albergar todas las pruebas documentales y publicaciones que avalan esta teoría y que permiten conocer un sinfín de datos y curiosidades sobre Poio y sobre el papel de Galicia en el descubrimiento del Nuevo Mundo.

UN CONXUNTO PATRIMONIAL NA QUINTA BESADA

O conxunto patrimonial de González Besada está composto por un gran xardín, unha casa principal, unha cocheira e mais unha biblioteca construída con fragmentos góticos da fachada dun pazo pontevedrés traído, pedra a pedra, desde a outra beira do Lérez. Todo isto mandouno construír a principios do século XX Augusto González Besada, un avogado e político pontevedrés que ostentou importantes cargos como o de ministro na época da Restauración, e que transformou este lugar nunha zona para o lecer. Despois de permanecer abandonado durante décadas, o Concello de Poio iniciou un ambicioso proceso de restauración. Hoxe xa é posible visitar os xardíns, coñecer o exterior do conxunto patrimonial ou mesmo o interior do edificio da biblioteca.

Un conjunto patrimonial en la Quinta Besada

El Conjunto Patrimonial de González Besada está compuesto por un gran jardín, una casa principal, una cochera y una biblioteca construida con fragmentos góticos de la fachada de un palacio pontevedrés traído, piedra a piedra, desde el otro lado del Lérez. Todo ello fue mandado construir a principios del siglo XX por Augusto González Besada, un abogado y político pontevedrés que ostentó importantes cargos como el de ministro en la época de la Restauración y que transformó este lugar en una zona para el disfrute. Después de permanecer abandonado décadas, el Concello de Poio inició un ambicioso proceso de restauración. Hoy ya es posible visitar sus jardines, conocer el exterior del conjunto patrimonial o incluso el interior del edificio de la biblioteca.

PARQUE DA MEMORIA

O intelectual arxentino Adolfo Pérez Esquivel, premio Nobel da Paz en 1980, deseñou o parque da Memoria para o Concello de Poio despois de ser nomeado fillo adoptivo do municipio. Esquivel, activista a prol dos dereitos humanos, cultiva o ensaio, a pintura e a escultura, e ten unha vinculación con Combarro, de onde partiu o seu pai emigrante. O parque é un dos emblemas da área recreativa e natural máis grande do municipio, onde se combinan zonas de paseo, parques infantís e instalacións deportivas abertas ao público.

O monumento, situado no espazo público da Seca, está asentado sobre unha gran rosa dos ventos. Para construílo empregáronse máis de 120 toneladas de granito.

Parque da Memoria

El intelectual argentino Adolfo Pérez Esquivel, premio Nobel de la paz en 1980, diseñó el parque da Memoria para el Concello de Poio tras ser nombrado hijo adoptivo del municipio.

Esquivel, un activista en favor de los derechos humanos, cultiva el ensayo, la pintura y la escultura, y tiene una vinculación con Combarro, de donde partió su padre emigrante.

El parque es uno de los emblemas del área recreativa y natural más grande del municipio, en la que se reúnen zonas de paseo, parques infantiles e instalaciones deportivas abiertas al público.

El monumento, situado en el espacio público de A Seca, está asentado sobre una gran rosa de los vientos. Para elaborarlo se emplearon más de 120 toneladas de granito.



TAMBO É UNHA ILLA

A illa de Tambo pertence xeograficamente ao municipio de Poio, pero administrativamente é do Ministerio de Defensa.

No interior da illa, e baixo a maleza, hai vestixios dun antigo lazareto do século XIX, ruínas que son parte da memoria da súa rica historia, que mesmo conta co capítulo dun saqueo a cargo do pirata Francis Drake. Desde Combarro parten excursións que permiten observar con detalle este lugar, e tamén os parques de bateas mexilloeiras de Combarro e Raxó, próximas á illa.

Tambo es una isla

La Isla de Tambo pertenece geográficamente al municipio de Poio, pero administrativamente al Ministerio de Defensa.

En el interior de la isla, y bajo la maleza, hay vestigios de un antiguo Lazareto del siglo XIX, ruinas que son parte de la memoria de su rica historia, que incluso cuenta con el capítulo de un saqueo a cargo del pirata Francis Drake.

Desde Combarro parten excursiones que permiten observar con detalle este enclave, y también los parques de bateas mejilloneras de Combarro y Raxó, próximos a la isla.



ENTRE RÍOS E MUÍÑOS

O mellor emblema da historia agrícola de Poio son os seus muíños.

Aínda que o municipio non ten grandes ríos, suma nove cursos fluviais que foron aproveitados para construír decenas de muíños que servían para converter en fariña o trigo e, máis tarde, o millo.

Os muíños son construcións sinxelas, con paredes de pedra e elementos de madeira, en que as engrenaxes son movidas pola forza da auga. O Concello de Poio multiplicou os esforzos por manter e conservar estes muíños, que habitualmente eran propiedades familiares ou de dominio compartido.

Existen dúas rutas de sendeirismo en torno a estas construcións: a máis longa é a **ruta dos muíños de Samieira** (5,5 km), con 23 exemplos en distinto estado de conservación ao longo do río Freiría. A ruta parte da praza Romay Besada, en Samieira (PO-303). A outra, a **ruta da Freixa** (1,8 km), con sete muíños, comeza na enseada da Seca.

Entre ríos y molinos

El mejor emblema de la historia agrícola de Poio son sus molinos.

Aunque el municipio no tiene grandes ríos, suma nueve cursos fluviales que fueron aprovechados para construir decenas de molinos con los que convertir en harina el trigo, y más tarde, el maíz.

Los molinos son construcciones sencillas, con paredes de piedra y elementos de madera, en las que los engranajes son movidos por el empuje del agua. El Concello de Poio ha multiplicado esfuerzos por mantener y conservar estas moliendas, que habitualmente eran posesiones familiares o de dominio compartido.

Existen dos rutas de senderismo en torno a estas construcciones: la más larga es la **ruta dos muíños de Samieira** (5,5 km), con 23 exemplos en distinto estado de conservación a lo largo del río Freiría. La ruta parte de la Praza Romay Besada, en Samieira (PO-303). La otra, la **ruta da Freixa** (1,8 km), con 7 molinos, tiene su inicio en la ensenada de A Seca.





ESPAZOS NATURAIS E ÁREAS RECREATIVAS

Poio está cheo de recantos para gozar dunha contorna natural e dunha panorámica excelente da ría. Ascendendo cara ao monte desde as inmediacións do mosteiro, na parroquia de San Xoán, atopamos a área recreativa do monte do Castro. Se tomamos como punto de partida Combarro, a viaxe cara á zona alta permite facer unha parada na fonte da Armadiña, mentres que se escollemos Samieira, o traxecto lévanos á área recreativa do río de Bois.

Mención especial merece o monte do Castro polo seu bosque de sequoias, ou bosque de Colón. Esta zona, situada a case 500 metros sobre o nivel do mar, ten uns 450 exemplares de sequoia vermella que foron plantados en 1992 para conmemorar o quinto centenario do descubrimento de América e como símbolo da irmandade entre o Vello e o Novo Mundo.

A enseada da Reiboia-A Seca é un espazo natural con vexetación de marisma. Nela pódese gozar do contacto co medio e de actividades ao aire libre.

A senda litoral da Ostreira discorre desde a explanada da Seca ata o peirao de Campelo. Ademais é posible enlazar este paseo co da enseada de Lourido (San Salvador de Poio). Este paseo une as praias desta zona coa área recreativa de Lourido.

Espacios naturales y áreas recreativas

Poio está lleno de rincones desde donde disfrutar de un entorno natural y de una panorámica excelente de la ría. Ascendiendo hacia el monte desde las inmediaciones del monasterio en la parroquia de San Xoán, nos encontramos el área recreativa de Monte do Castro. Si tomamos como punto de partida Combarro, el viaje hacia la zona alta nos regalará una parada en Fonte da Armadiña, mientras que, si elegimos Samieira, el trayecto nos llevará al área recreativa de río de Bois.

Mención especial merece el monte do Castro por su bosque de sequoias, o bosque de Colón. Una zona, situada a casi 500 metros sobre el nivel del mar, con unos 450 ejemplares de sequoia roja que fueron plantados en 1992 para conmemorar el quinto centenario del descubrimiento de América y como símbolo de la hermandad entre el Viejo y el Nuevo mundo. La ensenada de A Reiboia-A Seca, es un espacio natural con vegetación de marisma. En el que se puede disfrutar del contacto con el medio y de actividades al aire libre.

La senda litoral da Ostreira discurre desde la explanada de a Seca hasta el muelle de Campelo. Además es posible enlazar este paseo con el de la ensenada de Lourido (San Salvador de Poio). Un paseo que une las playas de esta zona con el área recreativa de Lourido.



FESTAS POPULARES E *GASTRONÓMICAS*

Poio é modernidade, pero tamén é tradición, e bo exemplo diso son as súas festas populares repartidas ao longo do calendario.

Carnaval ou Entroido. Trátase dun dos eventos con máis participación. Existe un desfile popular en Samieira e outro no centro do municipio. Ademais, o Entroido despídese en Poio con varias versións do enterro da sardiña. Un dos máis populares é o do Galo Fodorico.

Festa dos maíos. É tradición darlle a benvida á primavera no primeiro día de maio cunha celebración en que se compite pola beleza das construcións florais e o enxeño das coplas de crítica social e popular.

Corpus Christi. A tradición de cubrir as rúas con alfombras florais repítese en toda Galicia. En Poio, o lugar privilexiado para vivir esta festa é Combarro.

San Xoán. San Xoán é o patrón de todo o concello e da súa parroquia central. As cacharelas préndense por todo o municipio na noite do 23 de xuño para unir festa e rituais populares.

As **festas do Carme** son unha das citas obrigadas para coñecer a devoción mariñeira de Poio. Aínda que se celebran en todas as parroquias con porto, as de Campelo e Combarro son as que teñen as procesións marítimas máis vistosas.

A Festa do Mar. En Combarro, a finais de agosto, o mar convértese en protagonista durante unha semana. Organízanse exposicións, concertos, postos de artesanía e móstranse as embarcacións tradicionais máis características da zona. Ademais hai varios postos de degustación que permiten probar diversas variedades de produtos da ría.

As citas gastronómicas máis destacadas do concello son:

Festa da Ameixa, en Campelo, no mes de setembro. Esta é a cita gastronómica con máis arraigo no municipio. O produto estrela é a ameixa babosa, extraída nesta parte da ría.

Festa gastronómica de Raxó, a última fin de semana de xullo. Céntrase en mariscos da ría.

Festa do Mexillón, en Combarro, o 15 de agosto. Tamén se realizan actividades culturais.

Festa dos Callos, na Seca, o segundo domingo de setembro.



Fiestas populares y gastronómicas

Poio es modernidad, pero también es tradición, y un buen ejemplo de ello son sus fiestas populares repartidas a lo largo del calendario.

Carnaval o Entroido. Se trata de uno de los eventos con más participación. Existe un desfile popular en Samieira y otro en el centro del municipio. Además, el Entroido se despierta en Poio con varias versiones del entierro de la sardina. Uno de los más populares es el del Galo Fodorico.

Festa dos Maíos. Es tradición dar la bienvenida a la primavera el primer día de mayo con una celebración en la que se compite por la belleza de las construcciones florales y el ingenio de las coplas de crítica social y popular.

Corpus Christi. La tradición de cubrir las calles con alfombras florales se repite en toda Galicia. En Poio el lugar privilegiado desde el que vivir esta fiesta es Combarro.

San Xoán. San Juan es el patrón de todo el concello y de su parroquia central. Las hogueras y cacharelas se reproducen por todo el municipio el 23 de junio para unir fiesta y rituales populares.

Las **fiestas del Carmen** son una de las citas obligadas para conocer la devoción marinera en Poio. Aunque se celebran en todas las parroquias con puertos, las de Campelo y Combarro son las que tienen las procesiones marítimas más vistosas.

A Festa do Mar. En Combarro, a finales de agosto, el mar se convierte en protagonista durante una semana. Se organizan exposiciones, conciertos, puestos de artesanía y se muestran las embarcaciones tradicionales más características de la zona. Además varios puestos de degustación permiten probar diversas variedades de productos de la ría.

Las citas gastronómicas más destacadas del ayuntamiento son:

Festa da Ameixa, en Campelo, en el mes de septiembre. Esta es la cita gastronómica con más arraigo en el municipio. El producto estrella es la ameixa babosa, extraída en esta parte de la ría.

Festa gastronómica de Raxó, el último fin de semana de julio. Se centra en los mariscos de la ría.

Festa do Mexillón, en Combarro, el 15 de agosto. También se realizan actividades culturales.

Festa dos Callos, en A Seca, el segundo domingo de septiembre.



**CONCELLO
DE POIO**
Concellería de Turismo

www.concellopoio.gal
twitter: @TurismodePoio